

V Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua
Do compromiso individual aos argumentos
Carballo (A Coruña)

XOVES 16 DE XULLO 2009, 17:00 h

Do compromiso individual aos argumentos

O papel da irradiación lingüística

Nel Vidal Barral (coordinador)

Obxectivos xerais do grupo

- Analizar a importancia do traballo e actitude de diversas persoas que funcionan como axentes normalizadores activos e eficaces no seu ámbito sen seren persoas dedicadas profesionalmente ao traballo a prol da lingua.
- Extraer e analizar información sobre a visión que teñen da situación xeral do galego persoas implicadas na normalización que non pertencen directamente ao ámbito da lingua. Extraer tamén información sobre:
 - O seu compromiso: por que?
 - A súa visión na sociedade: como son vistas?, están nunha situación privilexiada para a promoción do galego por non seren directamente do ámbito da lingua?
 - A súa experiencia: que actitudes perciben no seu contorno directo?, como conseguiron avanzar nalgún ámbito de uso?, pola súa experiencia, que argumentos consideran máis eficaces?
 - As súas ideas para mellorar a situación: que accións son necesarias?, que argumentos cómpre darlle á sociedade?, que pode ser o máis efectivo?
- Discutir sobre que métodos se poden seguir para aproveitar mellor desde o ámbito da lingua a capacidade de irradiación lingüística de persoas de distintos ámbitos.

* Este texto distribúese baixo unha licenza [Recoñecemento-Compartir baixo a mesma licenza 3.0](#)

- Debater sobre a necesidade e/ou prioridade do desenvolvemento de accións destinadas a conseguir un papel máis activo e entusiasta no proceso normalizador por parte de persoas xa concienciadas lingüisticamente.

Convidados/a

- Ana Domínguez Gigirey: PAS da USC
- Luís Villares Naveira: xuíz
- Vitorino Pérez Prieto: teólogo
- Xurxo Souto: músico, escritor, locutor de radio

Algunhas conclusións sobre argumentos e estratexias xerais para a defensa e promoción da lingua galega

- **Sobre estratexias**
 - OPTIMISMO E DISCURSO EN POSITIVO:
 - É necesario transmitir optimismo e un discurso en positivo do galego, o que non quere dicir partir de análises falsas ou erradas.
 - TOMAR A INICIATIVA:
 - Non podemos estar ao contraataque, como en xeral se está ultimamente. Non podemos estar sempre á defensiva, respondendo a ataques. O discurso en defensa do galego ten que tomar a iniciativa e tense que facer cun discurso conciliador, non pusilánime.
 - COMUNICAR DE XEITO EFECTIVO:
 - A visibilización do conflito lingüístico, da situación de desequilibrio, tense que facer de forma positiva e non agresiva, sempre coa mirada posta en gañar ámbitos de uso, mellorar dereitos lingüísticos, avanzar no proceso de normalización e convencer á cidadanía da necesidade da

defensa e promoción da lingua galega. É moi importante saber comunicar socialmente de xeito efectivo.

- FACER BEN O TRABALLO:
 - Para poder convencer, o importante é facer ben o traballo, ofrecer rigorosidade, imparcialidade, calidade, etc., a partir de aí, todo é máis fácil.
- CONTIDOS DE CALIDADE EN GALEGO:
 - Cando existe un bo contido en galego, pois o galego funciona. Son necesarios produtos de calidade en galego que se "vendan" sós e sexan referentes.
- ACOLLIDA NA LINGUA:
 - A linguaxe que mellor entende todo o mundo é a da acollida e o cariño, e isto para a lingua é fundamental.
- NECESIDADE DE MELLOR MERCADOTECNIA:
 - Hai que vender o galego con estratexias de mercadotecnia. "Hai que vender o galego como o Channel n.º 5" (e para isto fan falta publicistas).
- REFERENTES DE ÉXITO SOCIAL:
 - Son moi importantes os referentes de éxito social real (máis aló dos do ámbito cultural). Hai que visibilizar deportistas, modelos, empresarios/as, etc., que falen galego e defendan a lingua.
- COMPLICIDADES INTERPERSOAIS:
 - Para conseguir avances e logros no ámbito máis inmediato de cada quen son moi importantes os xogos de complicidade interpersoal.
- ACTUACIÓN CONCILIADORA, MAIS CONTUNDENTE:
 - Non é nada positivo defender o galego con discursos con agresividade, violencia, acedume, etc. Cómpre actuar de xeito pacífico, positivo e conciliador, mais teimoso e contundente.

- RECOÑECEMENTO DE MÉRITOS E AUMENTO DA AUTOESTIMA:
 - É moi importante aumentar a autoestima, o recoñecemento dos méritos pola incorporación do galego.
- DISCURSO ABERTO E POSITIVO:
 - Cómpre construír un discurso máis aberto e positivo, e non podemos fiarnos só das nosas propias análises internas feitas sempre desde a nosa visión da realidade.
- CREACIÓN DE MICRORREDES:
 - É moi importante a creación, mantemento e dinamización de microrredes informais para a normalización lingüística nos ámbitos profesionais que primeiro se galeguizan a si mesmas e que despois incorporan elementos do seu contorno máis próximo que, pola súa vez, son dinamizadas e galeguizadas.

➤ **Algunhas anotacións sobre argumentos**

- Promover o galego é cuestión de xustiza social. Para procurar a igualdade hai que protexer e promover a lingua que parte en inferioridade de condicións.
- Se es galego/a e non sabes galego, non sabes o que perdes. A realidade cáptase a través da lingua, e se non sabes a lingua propia do teu pobo, é unha pena.
- O mundo precisa da creatividade e os argumentos do galego.
- Quen non sabe galego sabe menos que quen sabe galego.
- Os argumentos afectivos relacionados coa historia, o pobo, os antecesores, etc., na xente máis nova xa non funcionan.

Algunhas conclusións xerais sobre o papel da irradiación lingüística

➤ **PAPEL FUNDAMENTAL:**

- Considérase fundamental e estratéxico o papel que xogan persoas de diversos sectores que no seu ámbito actúan como axentes dinamizadores da lingua.

- CREACIÓN, MANTEMENTO E DINAMIZACIÓN DE MICRORREDES:
 - A práctica normalizadora destes axentes dinamizadores consiste en crear, manter e dinamizar microrredes no seu contorno profesional que primeiro se galeguizan a si mesmas e que despois incorporan elementos do seu contorno máis próximo que, pola súa vez son dinamizadas e galeguizadas.
- APROVEITAMENTO DESTES AXENTES E DAS SÚAS MICRORREDES:
 - Desde o ámbito da lingua, en xeral, aprovéitase o papel que poden xogar estes axentes (ás veces, en casos concretos e pola súa dispoñibilidade xeral, incluso de forma algo abusiva, e se se sobrepasan os límites, isto pode ser negativo), mais cómpre ter en conta dúas cousas: este perfil de persoas non é moi abundante e, na maioría dos casos, incluso non somos quen de detectalos e/ou de acceder a eles.
- NECESIDADE DE ACTIVACIÓN DE MÁIS PERSOAS MONOLINGÜES CONCIENCIADAS:
 - É necesario conseguir máis persoas con capacidade de irradiación lingüística que funcionen como axentes normalizadores directos nos seus diversos ámbitos. Para isto, cómpre comezar a experimentar/desenvolver accións dirixidas a persoas monolingües concienciadas para procurar esa actitude activa de irradiación lingüística por parte de máis persoas a prol do galego.
- PERFÍS ESTRATÉXICOS DE AXENTES DINAMIZADORES:
 - Para desenvolver ese papel de irradiación lingüística son necesarias cantas máis persoas mellor, mais estratexicamente son importantes perfís dirixentes, referentes no seu ámbito de traballo ou contorno directo e profesionais recoñecidos polo seu bo traballo e pola súa imparcialidade e rigorosidade.

Por falta de tempo no grupo de traballo non se puido chegar a unha das partes máis importantes do debate: "Como o facemos?" "Que estratexias cómpre seguir para a activación de monolingües concienciados en galego?"